Num. 221

FOUCE

Maio 2004

Periódico labrego de información técnica e sindical

Prezo: 1'80 euros

Número de rexistro: 980635

A Xunta discrimina ás explotacións máis necesitadas no reparto das axudas lácteas

■ Os pagos adicionais, que complementan á axuda única, repartiranse de xeito proporcional á cota láctea de cada explotación, polo que recibirán máis as máis grandes.

■ Comeza unha nova campaña no leite con 2.968 explotacións menos que na anterior. Uns resultados que confirman a desastrosa política da Xunta no sector lácteo. **Páxs. 2 e 3**



O Congreso do Viño enriqueceuse cun vivo e animado debate entre os asistentes

O pasado 17 de abril Monforte de Lemos acolleu de novo un congreso sectorial do Sindicato Labrego, nesta ocasión centrado no viño. O evento caracterizouse por un rico debate no que participaron a fondo as persoas que asistiron e que obrigou a realizar un relatorio refundido con varios folios de emendas que se aprobaron. No aspecto organizativo, haberá que agardar a que se reúna a directiva recén elixida para escoller ao responsábel do sector vinícola no Sindicato Labrego, un eido da agricultura galega que cobrou actualidade coa finalización do período para regularizar viñedos. **Páxs. 8 e 9**

O SLG recupera as sementes de horta e froiteiras de Galiza



O Sindicato Labrego Galego vén de culminar un laborioso traballo consistente en recompilar sementes autóctonas galegas de horta e froiteiras. Ducias de ecotipos que, gracias ao traballo desenvolvido, xa non se perderán no esquecemento nin serán varridos polas variedades comerciais, e estarán a disposición de quen queira usalos. **Páx. 5**

22 e 23 de maio: cita en Vigo coa Marcha Mundial das Mulleres

O 22 e 23 de maio celebrarase en Vigo a Marcha Mundial das Mulleres, na que o Sindicato Labrego participará activamente. Conferencias, obradoiros, concertos e manifestacións serán algunhas das actividades nas que se poderán participar. Todas aquelas afiliadas que desexen asistir poden informarse en calquera oficina do SLG. **Páxs. 4 e 12**

6 de xuño

Día Mundial do Medio Ambiente

Manifestación en Santiago de Compostela, ás 12.00 horas na Alameda

Por unha estratexia de desenvolvemento sustentábel para Galiza; en defensa dos ríos fronte aos encoros; por unha política autonómica agroforestal e de loita contra os lumes afastada do productivismo e respectuosa cos usos agrarios; por uns alimentos sans e de calidade, sen transxénicos, e producidos en explotacións labregas que permitan a existencia dun mundo rural vivo e próspero.

TÁBOA

■ **Galiza**

A Xunta acumula serios atrasos no pago dos ceses anticipados

Durante o mes de abril, a Consellería de Política Agroalimentaria acumulou serios atrasos no pago dos ceses anticipados aos que teñen dereito moitas familias labregas de toda Galiza. Algúns afectados chegaron a acumular varios meses sen percibir os cartos aos que tiñan dereito despois de ficar sen medio de vida. **Páx. 7**

■ **Aldea Global**

A UE lávase a cara coas normas para etiquetar transxénicos

Os transxénicos volven estar de actualidade ao entrar en vigor a normativa que obriga a indicar a súa presencia na etiqueta de alimentos e pensos. O SLG denunciou as deficiencias da lei pola súa permisividade, lonxe da tolerancia cero. **Páx. 10**

■ **Agroecoloxía**

A DTA supera unha primeira fase de organización interna

A Dirección Transversal de Agroecoloxía do SLG (DTA) cumpre catro meses de traballo. Ata o de agora, os seus esforzos centráronse na súa propia organización interna, e agora xa se atopa en pleno desenvolvemento do seu programa de accións. **Páx. 13**

SINDICATO LABREGO GALEGO
COMISIÓNS LABREGAS

Rúa Touro nº 21, 2º
Santiago de Compostela
Tlf. 981 554147
Fax 981 572570
e-mail: foucesIg@terra.es

FOUCE

Edita:
Edicións Fouce
Departamento de Publicacións de Servicios Agrarios e Contables S.L.
CIF: B - 27165646
Coordinación:
Xosé García
Colaboracións: *Tareixa Ledo, Xosé Pérez Rei, Isabel Vilalba, Silvia González, Xan Pouliquen, Xosé Manuel González Vilas e Celso Milleiro.*
Deseño e maquetación:
Xosé García
Sede da redacción:
Rúa Touro nº 21, 2º
Santiago de Compostela
Tlf: 981 580449
Fax: 981 572570
Depósito Legal: C-749/88

SINDICATO LABREGO GALEGO
COMISIÓNS LABREGAS

LOCAIS

SANTIAGO DE COMPOSTELA
Rúa Touro nº 21, 1º. Tlf. 981 588532
MELIDE - Praza do Convento nº2
ARZÚA - Rúa Padre Pardo nº24, 1º D
MUXÍA - Antiga autoescola Quintáns
CARBALLO
Rúa Río Sil nº 52, Baixo. 981 703169
MAZARICOS - Bar Jurjo
SANTA COMBA
Rúa Pontevedra, Tlf/Fax. 981 880909
ORDES
Rúa Xeneralísimo nº 38, 1º
Tlf. 981 682908
PONTE CARREIRA - Bar O Taxista
BETANZOS
Praza da Constitución nº 4, 1º.
Tlf: 981 773377
SARRIA
Rúa Nova 60, entrechán. 939 274186
CURTIS
Av. do Xeneralísimo nº 64. 981 786654
MOECHE - Casa Luciano
AS PONTES - Rúa Balsa nº 28
O BARCO - Local AISS
Tel. 988 321511 / Fax: 988326823
CELANOVA - Rúa Areal nº6, baixo.
VERÍN
Travesía de Sousas nº 20, Galerías Maga Tlf. 988 590438; Fax 988 590439
RIBADAVIA
CIG Casa Sindical. Tlf. 988477230
Fax. 988477230
XINZO
Casa Sindical Tlf. 988 462547
CASTROCALDELAS
Sala do Sotelo de Castro
MONTEDERRAMO
Local da Cámara Agraria
LUGO
Miguel de Cervantes nº47, ent.
Tlf. 982 231154
MONFORTE
Local da CIG en AISS. Tlf. 982 403005
CHANTADA
Praza do Concello, baixos AISS
Tlf/Fax: 982 462103
ESCAIRÓN
Local da Cámara Agraria, 1º
RIBADEO
Av. de Galiza nº20, 3º. AISS
Tlf/Fax. 982 130615
LOURENZÁ
Av. da Mariña nº11, 1º. Tlf. 982 121376
VILALBA - Cidade de Viveiro 1 ent. A.
Tlf.982 512431
A ESTRADA - Capitán Bernal nº10, 1º
Tlf/Fax 986 573232
AGOLADA - Bar Central
FORCAREI - Casa do Concello
MEIRA- Xeneralísimo 47-49. Edf. Miño Entrechán E. Tlf/Fax: 982 331714
LALÍN -
Arenal nº1, ent 3. Tlf. 986 782191
SILLEDA - Avenida do Parque, 32
Centro comercial O Parque, oficina 12
986 580526
TEIXEIRO
Rúa Martínez Pardo nº13, 1º esq
PONTEAREAS
R/ Darío Bugallal nº15, 1º. 986 641508
Martes a xoves, de 10.00 a 13.00
O ROSAL
Rúa Ramón Franco, Edf. Rosales.
Tlf. 986 625 394
O SALNÉS
Av. Bouza Matín nº 9, 1º. Barrantes, Ribadumia. Tlf. 986 711825

A Xunta volve discriminar ás explotacións lácteas máis febles

O reparto dos pagos adicionais para o sector beneficiará, principalemente, ás granxas máis grandes

Os pagos adicionais, unha prima complementaria á axuda única das explotacións lácteas, repartirase de xeito proporcional as cotas, polo que as granxas máis grandes serán, outra vez, as máis beneficiadas. Pola contra, quedarán unhas migallas para as explotacións que máis o necesitan. Xa nada sorprende na política de desmantelamento do agro da Xunta, que levou ao peche de case 3.000 explotacións lácteas na última campaña.



Diz Guedes reuniuse coas organizacións agrarias para comunicarlles a súa decisión unilateral

Unha das últimas decisións do Ministerio de Agricultura de Cañete foi a de distribuír os fondos europeos destinados a fornecer as axudas ao sector lácteo correspondentes ao trienio que vai de 2004 a 2006.

Nesta ocasión, temos a novidade de que as axudas serán dúas: a prima láctea, proporcional á cota anual de cada explotación; e os pagos adicionais, que complementarán á primeira.

Dun total de 20.380.000 euros, Galiza recibirá 6.326.316, o que a pon no primeiro posto do podio estatal. Aínda que son poucos cartos para un sector sumido nunha crise aguda e permanente dende hai moitos anos, podería semellar que, por unha vez, Madrid se portou xenerosamente co noso País.

En efecto, Galiza vaise quedar co 31% do conxunto de axudas que hai para todo o Estado. Pero a porcentaxe é enganosa, pois responde á cantidade de cota que posúen as explotacións galegas, o cal non fai máis que redundar na discriminación que estas sofren, pois representan máis da metade de granxas activas en todo o Estado e non teñen nin un tercio dos dereitos de producción.

Por se non fose dabondo, o Conselleiro de Política Agroalimentaria, Juan Miguel Diz Guedes, vén de poñer a guinda a esta política discriminatoria ao tomar a decisión de repartir os pagos adicionais dun xeito proporcional que obedecerá á cantidade de cota láctea que actualmente posúe cada explotación.

A decisión demostra unha falta de sensibilidade total da Consellería de cara ás explotacións lácteas con menor cota e rendas, xa que Política Agroalimentaria tiña liberdade para marcar os criterios de reparto e puido elixir un que as favorecese especialmente a aquelas que máis necesitan apoios á súa renda.

Xabier Gómez Santiso: "A Xunta segue negándose a facer política agraria"



A decisión de repartir os pagos adicionais de xeito proporcional segundo a cota láctea de cada explotacións fíxose pública o pasado 19 de abril, nunha reunión mantida entre o Conselleiro e representantes das tres organizacións agrarias galegas.

Entre eles atopábase o responsábel de Acción Sindical Gandeira do Sindicato Labrego Galego, Xabier Gómez Santiso, que declarou que "a Xunta segue negándose a facer política agraria e, coa desculpa da simplicidade burocrática e da axilización do proceso, vai seguir dando o meirande dos cartos ás explotacións máis fortes".

Precisamente, o Sindicato Labrego Galego pedira, o pasado 16 de abril, que Política Agroalimentaria obviase os 17 criterios posíbeis establecidos polo Ministerio de Agricultura para repartir os pagos adicionais. Esta demanda obedecía a que hai moi poucas explotacións lácteas galegas que cumpran todos estes requisitos, polo que só resultarían realmente beneficiadas as máis grandes.

Tal como están as cousas, Diz Guedes obviou os requisitos marcados polo Ministerio de Agricultura pero sen facer caso da demanda do SLG. Nun reparto proporcional das axudas en base á cota láctea das explotacións, como o que se vai executar, levarán máis as que máis cota teñan; é dicir, o meirande das axudas quedará en mans das granxas máis grandes e fortes.

Pola contra, as explotacións máis vulnerábeis e con risco de desaparecer, teranse que conformar só cunhas migallas.

2.968 explotacións con cota láctea pecharon na última campaña en Galiza

Os datos estatísticos referentes á última campaña láctea, entre o 1 de abril de 2003 e o 31 de marzo de 2004, foron dramáticos para Galiza. Pecharon 2.968 explotacións con cota láctea asignada, nada sorprende xa na terrible sangría que está a sufrir o agro galego coas políticas levadas a cabo pola Xunta. Amais do reparto inxusto das axudas, o SLG tamén denunciou no último mes a entrada en Galiza de leite concentrado de baixa calidade procedente de Francia que a industria está a mercar a 18 céntimos por quilo. ¿Quen pode competir así?

A decisión do Conselleiro de Política Agroalimentaria está en consonancia coa política mantida pola Xunta de Galiza nos últimos anos e que provocou o peche de miles de explotacións, a perda masiva de postos de traballo agrarios e a desertización galopante do medio rural.

Así as cousas, vén a conto lembrar os últimos datos estatísticos que retratan esta sangría. Na última campaña, a que foi do 1 de abril de 2003 ao 31 de marzo de 2004, pecharon en Galiza 2.968 explotacións con cota láctea oficial asignada. Así, nun ano, a nosa Comunidade pasou de ter 23.778 granxas a ter 20.810.

Producción en quilos	Explotacións en 2003	Explotacións en 2004	Variación entre 2003 e 2004
1 – 25.000	7.656	5.744	-1.912
25.001 – 50.000	4.313	3.613	-700
50.001 – 75.000	3.045	2.631	-414
75.001 – 200.000	6.895	6.534	-361
200.001 - 300.000	1.260	1.390	+130
Máis de 300.000	609	898	+289
Total	**23.778**	**20.810**	**-2.968**

As cifras falan por si mesmas e debuxan un panorama pouco prometedor para o medio rural en xeral, e o sector lácteo en particular

Os datos son dramáticos para as explotacións de menor dimensión: pecharon 1.912 con menos de 25.000 quilos, 700 cunha producción entre 25.000 e 50.000, 414 entre 50.000 e 75.000, e 361 cunha cota entre 75.000 e 200.000 quilos. O censo só tivo superávit nas granxas con máis de 200.000 quilos de producción. A pesar da evidencia das cifras, Política Agroalimentaria apoiará abertamente ás explotacións con máis cota e deixará desamparadas ás que teñen menos posibilidades de sobrevivir.

Para organizacións agrarias coma o Sindicato Labrego Galego, "esta decisión incidirá de xeito moi negativo no medio rural, pois moitas explotacións en posición de inferioridade, ao non recibir as axudas necesarias para manter a súa actividade, terán que pechar as súas portas, agudizando aínda máis a crise de perda de postos de traballo e despoboamento que sufre a Galiza rural".

O SLG denuncia ante Saúde Pública o perigo do leite importado de baixa calidade

O Sindicato Labrego Galego presentou un escrito, o pasado 21 de abril, diante da Dirección Xeral de Saúde Pública, organismo dependente da Consellería de Sanidade, no que denunciou o perigo existente que representan as importacións de leite concentrado para as industrias lácteas españolas procedente doutros países da Unión Europea.

Dentro dunha campaña realizada pola Coordinadora de Organizacións Agrarias e Gandeiras (COAG) en toda España, o SLG denunciou a entrada de leite francés concentrado que se produce -incluído o proceso de reconstitución- a un prezo entre 18 e 19 céntimos por litro. Eses prezos demostran que ese leite non pode ter certificados hixiénicos e sanitarios, xa que o leite garantido en Francia ten un prezo de 36 céntimos por litro.

Por estas razóns, o Sindicato Labrego Galego solicitou da Dirección Xeral de Saúde Pública que inspeccione como é debido ese leite, coa finalidade de asegurar que cumpre os mesmos requisitos e condicións que se lles esixe ás explotacións lácteas galegas. O SLG tamén esixiu que, a maiores, Saúde Pública garanta a seguridade alimentaria e a trazabilidade do leite en beneficio da cidadanía.

O SLG manifestou que agarda que a Administración Galega tome cartas neste importante tema como xa fixeron outras comunidades -nomeadamente Cantabria- onde se someteu o leite importado a controis exhaustivos para evitar unha fraude que, con toda probabilidade, se está a dar tamén na Galiza gracias á permisividade da Xunta, e que pon en grave risco a saúde humana.

Ademais, a importación de leite ilegal a prezos tan baixos está a cubrir parte da demanda da industria, o que supón competencia desleal fronte ás explotacións galegas que teñen coutadas a súa producción por unha cota láctea inxusta e insuficiente, e que están obrigadas a costear tódalas esixencias hixiénicas e sanitarias establecidas pola lei en beneficio da cidadanía.



nº 221
Maio de 2004
FOUCE

editorial

Construíndo unha Lei do Solo feita á medida dos labregos e labregas de Galiza

A finais do ano 2002, a Consellería de Política Territorial publicou a Lei de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural, máis coñecida como Lei do Solo. A disposición transitoria undécima desta lei permitía o recoñecemento urbanístico das explotacións agropecuarias galegas existentes con anterioridade para que puidesen desenvolver normalmente a súa actividade. Triunfaba así unha das reivindicacións históricas do Sindicato Labrego Galego.

Despois viría o período de regularización, cun intenso traballo sindical, traducido na tramitación de miles de expedientes, para facilitarlle o proceso legal ao máximo á nosa afiliación, labor que precisou dunha prórroga -conseguida tamén gracias ao SLG- que vén de rematar o 30 de abril.

Paralelamente, tamén houbo moitas críticas á Lei do Solo, pois naceu con evidentes imperfeccións. O Sindicato Labrego tamén fixo neste eido o seu traballo, recompilando as opinións dos labregos e labregas de Galiza e reflectíndoas nunha táboa reivindicativa que nos dispoñemos a poñer sobre a mesa de negociación agora que se vai reformar a lei. É neste marco, que o Sindicato Labrego pedirá unha extensión positiva da Lei do Solo nos seguintes aspectos:

1. A Consellería de Política Territorial e os concellos galegos deben definir claramente cales son os terreos agrícolas e gandeiros e reflectilos como tales nos plans xerais de ordenación municipal, dotándoos de especial protección para que conserven os seus usos.

2. No caso das construccións de persoas que non se dediquen a actividades agropecuarias, limitar a súa execución ao perímetro dos núcleos rurais. Neste senso, o SLG expresará o seu acordo coa ampliación dos núcleos rurais existentes, pero oporase á creación doutros novos.

3. O SLG apostará por que se dea prioridade total á rehabilitación e reconstrucción do patrimonio arquitectónico rural existente en detrimento de novas construccións.

4. Dende o Sindicato Labrego entendemos que ningunha lei, incluída a tratada nestas liñas, pode funcionar axeitadamente sen as partidas orzamentarias necesarias; emporiso avogaremos para que se dispoña o orzamento necesario para facer posíbel que se cumpra a lei. En concreto, cómpre dotar partidas orzamentarias para créditos e amortizacións destinadas á reconstrucción e rehabilitación dos inmobles existentes, para a elaboración rigorosa dos plans xerais de ordenación urbana, e para proporcionar ao medio rural os servicios básicos necesarios.

5. Finalmente, e centrándonos especificamente no que más lle afecta aos labregos e labregas de Galiza, o SLG defenderá nas negociacións que as construccións de carácter agropecuario das explotacións familiares se beneficien dunha redución das distancias legais contempladas, dun aumento da capacidade de volume constructivo, e da diminución dos metros esixidos para poder construír nunha parcela.

Coñecéndonos na Marcha Mundial das Mulleres

por Isabel Vilalba

As mulleres do Sindicato Labrego Galego levamos xa uns meses preparando diferentes materiais para presentar en Vigo os días 22 e 23 de maio, no Encontro da Marcha Mundial de Mulleres de Europa. Neste tempo foron moitas as labregas, colaboradoras e compañeiras do Sindicato Labrego Galego as que, a maiores de todas as outras tarefas que debían sacar adiante, fixeron un grande esforzo para que en Vigo tamén fosen visibles a realidade e as inquedanzas das mulleres da zona rural da Galiza, e en concreto das mulleres labregas.

Lupe de Vilalba, a súa nena e a súa sogra, de nome Isabel, as dúas, agasalláronnos co seu tempo e agarimo, permitíndonos plasmar en fotografías os quefaceres das mulleres labregas ao longo dun día. Cristina Prieto,a fotógrafa, puxo de maneira desinteresada, aparte dunha gran profesionalidade, cantidades inxentes de traballo e de amor para que estas imaxes transmitisen todos os nosos pensamentos e todo o noso sentir.

Luz e Pitu foron as artífices de recoller coa cámara de vídeo as reflexións doutro grupo de labregas verbo da situación actual e as expectativas de futuro das mulleres do agro. As palabras de Henar de Labrada (Abadín), as de Pura de Vedra, as de Mercedes López de Dordaño (Cesuras), as de María Carmen Porca de Ambroa (Irixoa), e as de Marisol de Añá (Frades), son as palabras de miles de agricultoras galegas. Sempre cun sorriso nos beizos e sen poñer nin unha soa chata polo intenso periplo que lles tiñamos proposto. Luz e Pitu, que fixeron todo este traballo de xeito desinteresado, aínda tiveron folgos para desprazarse ó Alto Xestoso, no concello de Monfero, para recoller o encontro de mulleres do Sindicato Labrego Galego que tivo lugar no local da Cooperativa. En cada colaboradora, e enumeralas a todas sería interminable, atopamos un profundo recoñecemento á contribución do papel das agricultoras no mundo.

Labregas cultivando futuro, sementando igualdade. Este é o lema co que as mulleres do Sindicato Labrego acudiremos ao encontro da Marcha Mundial. Trátase de recoñecer a importante achega de miles de mulleres á producción de alimentos para a cidadanía, ao mantemento de modos de producción sostibles -social e medioambientalmente- e, en definitiva, a un proxecto con vocación de crear un mundo mellor para todas e para todos.

Agárdase que 30.000 mulleres cheguen a Vigo os días 22 e 23 de maio para participar neste encontro. Alí tamén estará presente a realidade das labregas galegas: no obradoiro de sementes, nas mostras fotográficas, no vídeo, na carpa labrega; pero, o realmente importante vai ser o intercambio que as agricultoras que asistan fagan con outras compañeiras, acudindo aos foros, á feira feminista, aos concertos, á manifestación, sempre segundo as posibilidades de cadaquén.

É unha oportunidade fundamental para participar neste proxecto mundial no que mulleres de procedencias tan diferentes como Galicia ou Latinoamérica unimos as nosas forzas para conseguir dous obxectivos esenciais: acabar coa pobreza e coa violencia de xénero. Mulleres colaborando unhas con outras, coñecéndonos unhas a outras.




Concentración en Montreal coa que finalizaron as accións orixinarias da Marcha Mundial das Mulleres

O SLG recupera as sementes da horta e as froiteiras de Galiza

Un laborioso traballo de recompilación culmina cun listado que rexistra ducias de ecotipos non comerciais

O Sindicato Labrego Galego desenvolveu un estudio sobre os ecotipos (poboación de plantas dunha especie dada, adaptada a un medio de vida, solo, clima ou contorno biolóxico, como consecuencia dunha selección natural prolongada) de especies de horta e froiteiras en Galiza. Deste xeito, o traballo que vén de desenvolver o SLG servirá para que as persoas interesadas en cultivar variedades non comercias adaptadas á nosa terra poidan saber cales son as máis salientábeis e quen lles pode facilitar as sementes.



De esquerda a dereita, comezando por enriba, leituga vermella de Tui, escarola de Monforte, leituga morada de Mondoñedo, e repolo e cebola de Betanzos

Se falamos de "ecotipos" e non de "variedades", é porque o que se fixo foi unha recompilación de información sobre as sementes que garda a xente e as súas características. Definir cales destes "ecotipos" son "variedades" diferenciadas é labor a desenvolver en campos de ensaio, empregando descritores (fichas onde se recollen as características) que están oficialmente establecidos por especies, etcétera.

Ademais, completamos este traballo de campo coa información que xa tiñan en todos os centros de ensaio e de xermoplasma que traballan neste tema en Galiza: o de Salceda de Caselas (faba e pemento), o de Mabegondo (cebola, pemento pequeno e maceiras), Instituto do Campo de Ourense (pataca), Misión Biolóxica de Galicia (coles, leguminosas, millo, etcétera) e no banco de xermoplasma estatal do Instituto Nacional de Investigacións Agrarias (INIA), onde se rexistran numerosas entradas de cultivos procedentes de Galiza, pero de moi poucas se mantén a semente activa.

A continuación, noméanse os tipos de hortalizas recompiladas polo SLG neste traballo. Non se describe cada tipo porque sería moi extenso. Se queres máis información, chama a calquera oficina do sindicato; temos unha enquisa cuberta con información de cada unha delas.

Ben seguro que han faltar moitas, polo que se sabes dalgunha máis podes chamar para que tomemos nota. Trátase dun primeiro varrido que pode completarse.

PEMENTO

-De Oímbra
-Branco do Rosal
-De Arnoia
-De Arnois- A Estrada (roxo e verde)
-Morro de vaca de Lubre (Sada)
-De Ribadeo
Tipo pequeno:
-Do Couto
-De Padrón
-De Mougán (Guntín)

CEBOLA

-De Betanzos
-De Mondoñedo
-De Ribadeo
-De Oímbra
-De Merexo- (Muxía). Peligro alto desaparición
-De Betanzos adaptada a Lourenzá
-De Monterrei

ESCAROLA

-De inverno de Monforte
-De inverno de Piloño- Vila de Cruces

LEITUGA

-Roxa do Rosal
-Orella de mula
-Morada de Mondoñedo
-Da Limia
-Folla de roble de 4 tipos: de inverno, de verao, verde-roxiza e marrón.
-"De atar" da Coruña

TOMATE

-Da Coruña (de Eirís)
-Corazón de Boi de Monforte, de Valdeorras...

BRASSICAS

-Berza pais lisa e riza Curtis
-Berza asturiana (Ribadeo)
-Cobellas Oímbra
-Berzas Monterrei
-Colas Mariña luguesa
-Grelos de Curtis
-Grelos de Oímbra
-Nabos brancos e mouros da Mariña luguesa
-Grelo da Coruña
-Nabos da Limia
-Repolo de Betanzos, do Deza, da Mariña luguesa, de Cambados, etcétera.

Nas coles hai unha gran colección conservadas na "Misión Biolóxica de Galicia" onde conservan e facilitan mostra de semente as persoas interesadas.

PATACAS

-Fina de Carballo e Carnoeda
-Nietas
-Ganade
-Cazona

Estas dúas últimas razas de pataca están sendo recuperadas por organismos oficiais e non sabemos aínda onde se pode atopar semente.

FABAS

-Granxa de Antas, A Mariña
-Granxa de Cedofeita, A Mariña
-Granxa de Mondoñedo
-Granxa de Lourenzá
-Granxa de Ribadeo
-Ril de Bergantiños
-Ril do Rosal
-"De bola"
-Verdina ou "do marisco"
-Fabas de 40 días
-Faba de Coco ou de Cogulos
-Faba raxada da Limia
-Fabas brancas da Limia
-Fabas violáceas da Limia
-Fabas redondas rugosas da Limia
-Faba branca de Monterrei

Na Misión Biolóxica de Galiza, mátense unha colección leguminosas (más de 400 entradas). Alí facilitáronos o seguinte resumo das variedades que teñen (despois hai multitude de ecotipos de cada variedade): garbanciño, galega de Carballo, branca redonda, alubia, branca de ril, faba (brancas), ollo de pita, faba pinta, morada alongada e palmeña (vermella) e faba crema.

FREXOLES

-Verdes de Viños (producción fora ata case o inverno)
-Garrafal
-Marela de Manteiga
-Importante colección na Misión Biolóxica de todo tipo de xudías.

TIRABEQUE

Hai tres variedades do país identificadas.

FROITEIRAS

No estudio que temos figuran máis de trinta tipos de mazás, vinte de pereiras, once de ameixeiras, cinco de pexegos, catro de pavías e melocotóns, cerdeiras, laranxas, figueiras, todas elas variedades do país. Se tes interese, temos fotos e fichas de características de todas elas, amais de información sobre onde facerte con elas. Tamén podemos facilitarche o estudio realizado no Centro de Investigacións Agrarias de Mabegondo de maceiras galegas autóctonas.

A maiores, tamén temos na Rede persoas que gardan sementes de acelgas (de de 2 m. de altura), allos, tirabeques, cabazos, fresa, puerros, e dentro das non hortícolas: trigo, liño, tremoceiros, garbanzos, e millo (lembrar tamén que na Misión Biolóxica mantense a colección máis importante de millo de todo o Estado, cunhas 80 variedades galegas).

Contactos:

■ **Misión Biolóxica de Galiza (Pontevedra):** 986854800 (facilitan semente de coles, leguminosas e millo).
■ **Rede de Sementes Galegas do SLG:** 981 554147.

nº 221
Maio de 2004
FOUCE

Un estudio da Universidade advirte do perigo que entraña a PAC

As conclusións do informe confirman as denuncias realizadas polo Sindicato Labrego sobre este tema

Un equipo de investigadores da Universidade de Santiago de Compostela, dirixido por Edelmiro López Iglesias, vén de publicar os resultados dun estudio encargado polas cámaras agrarias galegas sobre o impacto da reforma intermedia da Política Agraria Común en Galiza. As conclusións non son nada novo: a reforma da PAC suporá un desastre para o noso agro. O estudio, xa que logo, rendunda e demostra o que vén denunciando o SLG.



A PAC é a responsábel directa do peche de miles de explotacións e do abandono do medio rural

O estudio baseouse no impacto dos tres principais trocos que vai traer esta reforma para o noso agro. En primeiro lugar, o desacoplamento, que consiste na substitución do meirande das primas por unha axuda única baseada nos dereitos históricos de cada explotación; esta axuda única será desacoplada, é dicir, que non fará falla producir para cobrala, e obrigará a cumprir certos requisitos medioambientais, sanitarios e de benestar animal.

O segundo piar da reforma é a modulación, que consiste nun recorte progresivo dos pagos ata o ano 2012. Os fondos obtidos destinaranse a desenvolvemento rural.

Finalmente, e en terceiro lugar, o estudio salienta a reforma da Organización Común de Mercado (OCM) do leite e dos productos lácteos, que prorrogará o actual sistema de cotas ata a campaña 2014 / 2015, e reducirá notablemente os prezos. Para compensar esta caída de prezos, introduce unha prima por tonelada de cota.

En canto á análise do impacto de todas estas medidas, o estudio resulta desalentador.

A reforma da OCM do leite e dos productos lácteos non modifica a cota asignada ao Estado Español, polo que non vai solucionar o desfase existente na Galiza, onde se produce moito por riba da cota asignada.A isto habería que engadir unha nova caída de prezos no leite -entre un 10 e un 20% nos vindeiros tres anos- que provocará unha acusada caída da renda das explotacións e, de seguro, o peche de miles delas.

Desacoplamento para reafirmar o inxusto reparto das axudas que padece Galiza

O estudio considera o desacoplamento como a medida máis problemática para Galiza, xa que vai consolidar o reparto actual das axudas da Política Agraria Común, que é moi desfavorábel para os labregos e labregas galegas.

Isto débese a que o pago único fixarase en base aos dereitos históricos, o cal supón consolidar unha distribución dos fondos FEOGA-Garantía dun xeito desigual e regresivo no plano social -xa que beneficia, principalmente, ás grandes explotacións-, e no plano territorial -pois favorece aos países e rexións máis desenvolvidas-. O estudio di que "no caso de Galiza trátase dun aspecto sumamente negativo, posto que consolidará o déficit histórico de axudas que veñen sufrindo os nosos labregos e labregas.

No informe, tamén se advirte que o desacoplamento das axudas, ao permitir cobrar sen necesidade de producir, traerá riscos como a regresión da actividade agraria e o abandono de terras, sobre todo en zonas desfavorecidas; e fará perder aínda máis lexitimidade ás axudas da PAC.

Ecoaga SL
Servicios Agrarios, Técnicos e Enxeñería

☞ Proxectos agrogandeiros e de desenvolvemento rural
☞ Proxectos e axudas para os montes
☞ Valoracións periciais e medicións de finca
☞ Traballos en viñedos (plantacións, podas, enxertas)
☞ Traballos en montes (cortas, desbroces podas, plantacións, peches, pastizais, etcétera)

Servizos e prezos especiais para @s afiliad@s do Sindicato Labrego Galego

Pregunte orzamentos en calquera oficina do SLG ou chamando ao 619 348 426

A Xunta atrasou o pagamento dos ceses anticipados

Provocou así unha situación que supuxo serias dificultades económicas para moitas familias labregas

Durante o mes de abril, a Consellería de Política Agroalimentaria acumulou serios atrasos no pago dos ceses anticipados aos que teñen dereito moitas familias labregas de toda Galiza. Fontes internas da Xunta revelaron que este problema debeuse a unha retención de fondos da Consellería de Economía. Este feito que puxo en serias dificultades a moitas familias labregas que xa non teñen outro medio de vida máis que o cese.



Moitos labregos que optaron polo cese anticipado vense en apretos económicos ao non cobrar

Entre os casos que se deron, foron particularmente dramáticos o das familias que, acolléndose ao cese anticipado agrario -de pago trimestral- aínda non o cobrara. Para poder ter dereito a este cese é obrigatorio cómpre ceder tódolos dereitos da explotación e vender os animais, cousa que fixeron aquelas persoas que se acolleron ao cese anticipado en decembro do 2003; estas familias ficaron sen medio de vida a finais do ano pasado e, cando xa levaban transcorridos catro meses do 2004, seguían sen ter ingresos cos que afrontar o día a día.

No caso do cese anticipado gandeiro, que se cobra dunha soa vez e con periodicidade anual, chegou a acumular un mes de atraso.

As indagacións feitas polo Sindicato Labrego Galego apuntaron á responsabilidade da Consellería de Economía. Segundo fontes de Política Agroalimentaria, a Consellería que dirixe Orza retivo as partidas orzamentarias correspondentes ao pago dos ceses anticipados por falta de liquidez.

Independentemente da causa, para o Sindicato Labrego Galego resulta inaceptábel que, a cambio de acollerse ao réxime do cese anticipado, se lles quite ás familias labregas o seu medio de vida e, ao mesmo tempo, se atrasen indefinidamente os ingresos dos que dependen a súa economía diaria.

O SLG instou publicamente á Xunta para que habilitase con urxencia as partidas orzamentarias necesarias para cubrir esta perentoria necesidade.Tamén pediu que feitos coma este, que engaden unha pedra máis no tremendo lastre que están obrigados a arrastrar os habitantes do noso medio rural, non se volvan repetir.

A asemblea xeral de ORGACCMM reunirase de xeito extraordinario pola Lei de Montes

Os montes galegos veciñais e de man común andan revoltos despois de que Medio Ambiente anunciase a aprobación do anteproxecto da Lei de Montes de Galiza sen pasar por un período de información pública nin ser debatido no Parlamento.

Segundo a Organización Galega de Comunidades de Montes (ORGACCMM), alomenos eliminouse deste anteproxecto unha das medidas máis lesivas: "a formación dun organismo alimentado por unha sangría de cartos das comunidades, no que se levaría a xestión dos montes públicos e comunidades de montes". Diante disto, a ORGACCMM realizou unha asemblea o 27 de marzo, seguida dunha campaña mediática, que se saldou cunha chamada do Director Xeral de Montes para aclarar que o borrador de anteproxecto estaba lonxe do texto definitivo.

Aínda así, a Xunta aprobou de xeito unilateral ese anteproxecto, que segue sendo prexudicial, polo que a ORGACCMM decidiu convocar unha asemblea xeral extraordinaria o 22 de maio, ás 17.00 horas, na Feira de Gando de Amio (Santiago de Compostela).

O Sindicato Labrego Galego inaugura dous novos locais en Silleda e Ordes

O Sindicato Labrego Galego inaugurou nas últimas semanas dous novos locais, un en Silleda, que pertence á comarca de Deza, Tabeirós e Terra de Montes; e outro en Ordes.

O novo local de Silleda estará situado no coñecido Centro Comercial do Parque, no número 32 da avenida homónima, e ocupará a oficina 12; o teléfono do novo local do SLG en Silleda será o 986 580526, e atenderá ao público os martes e xoves en horario de 10.00 a 14.00 horas.

Para Lupe Sánchez, responsábel do novo local, "con esta nova apertura melloraranse considerablemente os servicios do SLG para a afiliación das zonas de Silleda e Vila de Cruces, xa que se abrirán as portas ao público dous días á semana en troques de un, como se veu facendo ata o de agora".

En canto ás novas instalacións do Sindicato Labrego en Ordes, inauguráronse cunha festa para a afiliación o 7 de abril, e ocuparán un primeiro piso do número 38 da rúa Xeneralísimo. Ao acto inaugural asistiron, entre outros, a Secretaria Xeral do SLG, Lidia Senra; e o Secretario de Organización en funcións, Xan Monasterio.

A responsábel comarcal do SLG en Ordes, Beatriz Lijó destacou que a nova apertura responde "ás necesidades dun sindicato que medra e que precisa unhas mellores instalacións". Neste senso, Lijó recordou que a nova sede "centraliza a actividade do SLG para os sete municipios que conforman a comarca órdense, unha das máis importantes de Galiza en actividade agropecuaria".



O SLG celebrou con festas a apertura dos seus novos locais, coma este inaugurado en Ordes

Ambas inauguracións encádranse na estratexia do Sind icato Labrego Galego de ampliar e mellorar os seus servicios de cara á afiliación, e de aumentar a súa presencia entre os labregos e labregas de Galiza.

nº 221
Maio de 2004
FOUCE

O rico debate entre as persoas asistentes propiciou un relatorio no que couberon varias follas de emendas

O Congreso do Viño aproba medio cento de propostas para relanzar ao sector

O pasado 17 de abril Monforte de Lemos acolleu de novo un congreso sectorial do Sindicato Labrego, nesta ocasión centrado no viño. O evento caracterizouse por un rico debate no que participaron a fondo as persoas que asistiron -contando coa presencia de representantes de tódalas denominacións de orixe vinícolas galegas- e que obrigou a realizar un relatorio refundido con varios folios de emendas aprobadas. No aspecto organizativo, haberá que agardar a que se reúna a directiva elixida para escoller ao responsábel do sector vinícola no SLG.

O texto resultante de refundir o relatorio orixinal con boa parte das emendas presentadas polas diversas comarcas é un interesante documento onde se reflicte, nunha fonda análise, a evolución do sector vitivinícola en Galiza nos últimos 25 anos, dende os anos oitenta ata os nosos días.

Remata esta análise histórica cos principais puntos nos que se expresa "a inoperancia da Administración nos anos noventa: abandono do plan do 89, falta de apoio á reestructuración, pouco apoio a cooperativas e colleiteiros, falta de política de promoción e comercialización, práctica inexistencia de concentración parcelaria en zonas de viñedo, creación tardía e sen recursos da Estación Vitícola e Enolóxica de Galiza, realización inompleta e defectuosa do rexistro comunitario, perda de dereitos históricos de producción, dirixismo e falta de democracia nos consellos reguladores, indolencia negligxente ante o fenómeno do *matute*, abandono do sector do augardente artesanal, inexistencia de redes fitopatoloxicas de aviso, ou unha nula defensa dos contratos homologados, como foi o caso do Ribeiro e Valdeorras.

Sería moi longo reflectir todo o contido do relatorio, polo que, a continuación, daremos conta da súa parte fundamental, que son as propostas aprobadas para impulsar ao sector, que resume perfectamente o espírito do documento.



Os viticultores e viticultoras asistentes ao Congreso foro protagonistas polas súas valiosas achegas

Creación dunha interprofesional e dunha Lei do Viño feita para Galiza

A primeira das reivindicacións do relatorio no sector do viño é a constitución dun marco de diálogo interprofesional a través dunha mesa do viño incluída no futuro Consello Agrario Galego con presencia permanente e recoñecida das organizacións agrarias á marxe dos Consellos Reguladores que aborde aspectos como as garantías na relación entre producción e industria en base a uns prezos mínimos, creación dun observatorio do comportamento do sector, participación no deseño das políticas vitivinícolas, e orientación da promoción integral do viño.

Unha Lei do Viño para Galiza

Posteriormente, o relatorio demórase na proposición dunha Lei do Viño Galega alternativa á que pretende impoñer a Consellería de Política Agroalimentaria. Neste punto, as propostas son suficientes como para artellar unha nova lei adaptada á realidade do sector na Galiza:

- Reabrir o proceso de negociación para acadar unha Lei Integral do Viño de Galiza que recolla os seguintes elementos mínimos:
- Pleno recoñecemento da figura do colleiteiro, diferenciándoo da industria.
- Control público da trazabilidade total do viño en Galiza.
- As zonas vitivinícolas poderán ampararse nas denominacións de orixe se teñen tradición vitivinícola e unha estructura económica de productores e adegas.
- Recoñecer a existencia da denominación "Viños da Terra", coa posibilidade de solicitar a denominación de orixe se hai unha calidade e unha estructura.
- Non recoñecemento de calquera inclusión de viños de mesa con indicación xeográfica ou de variedade.
- Creación dun Instituto Interprofesional do Viño.
- Amparo do sector do augardente.
- A denominación de "Viños da Terra" debe amparar, especificamente, zonas do territorio con condicións obxectivas para a viticultura de cara a converterse, transitoriamente, en denominación de orixe e, en ningún caso, podendo amparar viños de mesa.
- Os plans de reestructuración deben incluír actuacións de ordenación do territorio que favorezan o reparcelamento e mecanización dos viñedos.
- Potenciación do sector cooperativista.
- O SLG ten que oporse ás grandes plantacións que se están tentando realizar, en terreos das xuntas de man común, grupos económicos industriais que se valen da súa influencia política para alugar estes terreos cunhas condicións moi vantaxosas, namentres as terras tradicionais de viticultura estanse a reforestar pola incapacidade económica dos seus propietarios para reestructuralas.

As claves para unha boa comercialización do producto

O primeiro que se pide no eido da comercialacióni é a obrigatoriedade de garantías contractuais na compra e venda de uva, mosto e viños entre productores e operadores autorizados.

Ademais, todo productor e elaborador de viño debe estar amparado en normativas que impliquen obrigas e dereitos de cara a garantir a trazabilidade total do sistema, as leis non están para ilegalizar á xente, senón para protexer o producto e defender a actividade. Completan as demandas do SLG neste punto:

- Identificación obrigatoria dos operadores do sector desde a producción ata a distribución.
- Recoñecemento da diversidade no deseño de calquera campaña de promoción de viño.
- Campañas para fomentar do consumo de viño.
- Prohibición de calquera práctica de *dumping*.
- Apoio financeiro á subscrición de seguros de crédito e caución a colleiteiros e cooperativas.
- Apoio e asesoramento na exportación de viño.
- Fomento do asociacionismo.
- Incluír nos Planos de Desenvolvemento Local das comarcas vitivinícolas un apartado para redes de adegas de colleiteiros.
- Dirixir as promocións do viño ao consumo interno.
- Aumentar os instrumentos que impidan a fraude do transporte e comercialización de uva e viños de zonas non amparadas nas denominacións de orixe.
- Creación dun observatorio de prezos que detecte os desfases entre prezos en adega e puntos de venda

Amparo das adegas de colleiteiros e reelaboración do Rexistro Vitícola

As propostas para o sector aprobadas no Congreso do Viño do Sindicato Labrego Galego complétanse coas demandas referentes ao Rexistro Vitícola, á figura do colleiteiro, viveirismo, incorporación de mozos e mozas, formación, medio ambiente, augardente, e traballo sindical específico no sector.

No tocante ao rexistro vitícola, as demandas do relatorio quedaron como seguen:

- Reelaboración do Rexistro Vitícola con cartografado de todas as zonas de capacidade vitícolas para a súa posterior recuperación a través da creación dunha reserva nacional de dereitos.
- Vinculación automática de Rexistro Vitícola e Catastro de Rústica.
- Defender o potencial vitícola ata o nivel de parroquia.
- Dotar á reserva galega cos dereitos derivados da expropiación por infraestructuras públicas.
- Ampliación de forma urxente do prazo de regularización de viñedos en canto non sexan solucionadas as deficiencias graves no rexistro vitícola e, en especial, as derivadas da súa vinculación ao catastro de rústica.
- Consideración da definición de viñedo histórico de cara a reforzar o papel da reserva galega.

Por un regulamento que ampare as adegas de colleiteiros

En canto aos colleiteiros e colleiteiras, pedíronse regulamentos, réximes fiscais especiais:

- Desenvolver plenamente un regulamento que defina e ampare a mención específica en Galiza das adegas de colleiteiro, xa que as normas actuais son insuficientes e ambiguas e non diferencian suficientemente das Industrias.
- Demandar un réxime fiscal e laboral das adegas de colleiteiro que non as identifique coas industriais, así como a inclusión no Réxime Especial Agrario e menores gravames na elaboración de viños e augardentes.
- Desenvolver apoios e infraestructuras xurídicas e físicas que favorezan circuítos comerciais propios das Adegas de Colleiteiros (rutas do viño, complementariedades agroturísticas, comercio xusto, mercados locais, etcétera).



O Secretario de Acción Sindical en Sectores Vexetais do Sindicato Labrego Galego, Xosé Manuel González Vilas (á dereita), cargou con boa parte do peso organizativo do evento

Política activa en viveirismo

O tema do viveirismo tamén ocupou aos congresistas que acordaron demandar:

- Fomento do viveirismo mutiplicador, con especial énfase nas castes autóctonas.
- Creación de bancos de xermoplasma en todas as comarcas vitícolas.
- Elaboración dunha lista completa e definitiva de castes.
- Cómpre abrir o debate sobre "patrón directo ou manso barbado", posto que hai zonas de Rías Baixas que teñen moita uva albariña e caíña nesta forma, e xa hai adegas que apostan por este tipo de uva. O debate é importante, xa que as multinacionais queren controlar o material vexetal, e neste tema o SLG ten unha clara postura respecto da prohibición de calquera coexistencia con transxénicos.
- Desenvolver a colaboración entre os viveiros galegos e a Estación Enolóxica e Vitícola de Galiza.

Formación, incorporación de mozos e mozas e defensa da augardente artesá

Respecto da formación en viticultura, o relatorio denuncia que esta é unha materia pendente que non está paliada pola existencia dos actuais programas educativos oficiais, xa que non chega a todos os labregos e labregas.

A formación regrada e non regrada na vitivinicultura debe inserirse nunha redefinición das bases do actual modelo productivo na viticultura, que van desde o coñecemento da ordenación territorial ata a escolla de boas prácticas agrícolas e enolóxicas. Especial atención debe ter o coñecemento das variedades autóctonas e os portaenxertos que favorezan a calidade da materia prima.

A incorporación de mozos e mozas, do mesmo xeito que noutro eidos da agricultura galega, tamén está en cueiros no sector do viño. Por iso pediuse:

- Concentración parcelaria integral e adaptada nas zonas de viñedo.
- Banco público de terras amortizadas.
- Axudas completas á incorporación de mozos e mozas.
- Crear un Banco de Crédito para Labregos.
- Simplificación dos trámites de legalización das adegas de colleiteiro.

No tocante ao medio ambiente, o congreso apostou por definir parámetros de calidade da uva e o viño que limiten o uso indiscriminado de fitosanitarios e aditivos, e regular a obrigatoriedade dos estudios de impacto ambiental en implantación de grandes viñedos.

Tamén houbo espacio para reivindicar, na producción de augardente, o recoñecemento do sector productor artesanal, axudas para a creación de instalacións artesanais, e fomento e promoción do augardente e da industria licoreira galega.

Finalmente, o capítulo de demandas remata coas liñas xerais que deben rexer o traballo do SLG como organización no sector vitivinícola galego. Neste senso, acordouse:

- Reforzar a presencia do SLG con campañas de afiliación de cara a reforzar a nosa presenza nos órganos interprofesionais.
- Apoio incondicional á figura do colleiteiro e colleiteira como agricultor integral do viño en tres vertentes: viticultor, elaborador e comercializador.
- Desenvolver a viticultura a través de asociacións de tratamentos integrados na agricultura (Atrias) cos técnicos do SLG nas seguintes facetas: análise de terras, tratamentos fitosanitarios, escolla de variedades e portaenxertos, deseño de plantacións, etcétera.
- Asesoramento integral do SLG aos colleiteiros (controis de madurez, mesturas varietais, trámites administrativo. Ter sempre un asesoramento e defensa fronte a Administración.

nº 221
Maio de 2004
FOUCE

A UE lávase a cara cunhas normas insuficientes para etiquetar OXMs

A cidadanía seguirá consumindo transxénicos sen sabelo cando estes non superen o 0'9% dun producto

Os transxénicos volven estar de actualidade ao entrar en vigor a normativa que obriga a indicar a súa presencia na etiqueta de alimentos e pensos. O SLG denunciou a deficiencia desta lei, que permite non identificar productos manipulados xeneticamente cando este tipo de organismos non superen o 0'9% da composición. Paralelamente, publicáronse os resultados de estudios científicos que demostran o perigo para a saúde que entrañan os OXMs, e Aesa recomendou a retirada do mercado de varias especies de millo manipulado legalizadas polo PP en España.

O pasado 18 de abril entraron en vigor os Regulamentos 1.829 / 03 e 1.830 / 03 que obrigan etiquetar tódolos alimentos e pensos que procedan de organismos xeneticamente manipulados como tales. Nesta obriga inclúense os aditivos alimentarios producidos a partir de microorganismos transxénicos, pero exclúense os alimentos de orixe animal de gando alimentado con OXMs.

A porcentaxe a partir da cal se estará na obriga de identificar un producto como transxénico será do 0'9%. Por baixo desa franxa non haberá obriga de informar ás persoas, agás naqueles transxénicos que, recibindo o visto bo de comités científicos, non foron aprobados pola Unión Europea; nese caso, só se permitirá unha presencia dun 0'5% como máximo sen que haxa obriga de informar á cidadanía.



Haberá alimentos con menos dun 0'9% de transxénicos que non terán obriga de dicilo na etiqueta

A partir de agora, poderase sancionar aos responsábeis da cadea alimentaria que non cumpran as obrigas da nova normativa para garantir a trazabilidade dos organismos manipulados xeneticamente, ben sexan sementes, pensos ou calquera outro producto que conteña ou sexa de orixe transxénica.

Un informe oficial francés proba os riscos dos transxénicos

Un informe científico oficial francés vén de descubrir os posíbeis riscos para os animais que entraña o consumo do millo transxénico MON 863, da empresa Monsanto.

A Comisión de Enxeñería Biomolecular de Francia (CGB) detectou efectos biolóxicos nas ratas que consumiron o millo: aumento dos glóbulos brancos nos machos, descenso de glóbulos vermellos xoves e anomalías renais.

Resulta desconcertante que o comité científico europeo dese o visto bo para comercializar este millo.

O SLG pide tolerancia cero para a manipulación xenética no agro

Para o Sindicato Labrego Galego esta normativa é insuficiente, pois non garante o dereito a elixir da cidadanía ao non ser obrigatorio etiquetar como transxénicos aqueles productos que non superen o 0'9% de material manipulado entre os seus ingredientes. Por baixo deste límite, o fabricante, aínda que o seu producto conteña transxénicos, non terá obriga de dicilo na etiqueta. Trátase de un nivel sospeitosamente alto cando a tecnoloxía actual permite detectar a presencia de ata un 0'1% de transxénicos nun alimento.

Por se fose pouco, tampouco hai obriga de dicir se un alimento de orixe animal provén de gando alimentado con transxénicos ou non. Cómpre lembrar as declaracións de Juan Felipe Carrasco, de Greenpeace, que tachou a normativa de "falacia, xa que o 80% da soia e do millo transxénico non se etiquetarán, a pesar de comerse indirectamente no leite e na carne".

Dende logo, estas normas prexudican a consumidores e consumidoras, que seguirán mercando e inxerindo OXMs sen sabelo, e favorece á industria da manipulación xenética, que poderá seguir facendo negocio na Unión Europea a pesares da moratoria existente.

O SLG fixo un chamamento público á Ministra de Agricultura, Elena Espinosa, para que poña punto final á política temeraria e unilateral que mantivo o Partido Popular neste eido. Cómpre lembrar que no Estado Español están autorizadas dezaseis variedades de millo transxénico, hai 33.000 hectáreas de cultivos deste tipo, e xa se deron numerosos casos de contaminación de leiras convencionais e ecolóxicas.

O Sindicato Labrego pediu ao novo Goberno que "pola seguridade da cidadanía e da agricultura, ten que dar marcha atrás a tanto despropósito e cumprir a prudente moratoria que pesa sobre os transxénicos no resto da Unión Europea.

O SLG tamén afirmou que seguirá defendendo un nivel de tolerancia cero para os OXM, tanto na agricultura e na gandería como na alimentación humana, namentres a ciencia non demostre que os transxénicos son inocuos para a saúde e para o equilibrio medioambiental.

A Unión Europea bota por terra a política do PP cos transxénicos

A Axencia Europea de Seguridade Alimentaria (Aesa) fixo público un estudio no que recomenda a retirada do mercado das variedades transxénicas que teñan xenes resistentes aos antibióticos. O meirande dos cultivos de millo manipulado en España -o PP autorizou 16 variedades- pertencen a ese grupo e, segundo Aesa, debería deixar de comercializarse o 31 de decembro de 2004.

Os riscos que leva a proliferación destas variedades de millo resistentes aos antibióticos ten que ver coa creación de resistencias en humanos e animais á hora de utilizar amplicinas e tetraciclinas para sandar enfermidades.

No caso español, aféctanos nas variedades de millo que conteñen un bacilo resistente á amplicina, e que recibe a denominación de Bt 176. Segundo o diario El Mundo, alomenos cinco variedades deste tipo foron aprobadas en España durante o Goberno do Aznar, o meirande da multinacional Syngenta.

A gravidade deste problema reside en que, con total seguridade, eses transxénicos que crean resistencias aos antibióticos chegarán á cadea alimentaria. Segundo Juan Felipe Carrasco, de Greenpeace, o meirande das 33.000 hectáreas de millo transxénico cultivado en España "son das variedades afectadas". O ecoloxista afirmou descoñecer se a recomendación de Aesa inclúe os cultivos deste ano, que se colleitarán en outubro e que se mesturará con millo convencional para a súa comercialización.

Veleno no sangue de Europa

Un estudio de WWF / Adena descubre decenas de substancias tóxicas no organismo das persoas

A WWF / Adena publicou o 21 de abril os resultados da que foi, ata o de agora, a análise máis ampla de Europa en busca de contaminantes perigosos no organismo humano. Os resultados foron preocupantes: 76 productos industriais tóxicos, persistentes e bioacumulativos estaban presentes no sangue das 47 persoas sometidas á proba. Entre esas 47 persoas había 39 eurodeputados.

A toma de mostras de sangue realizouse en decembro de 2003, e a análise tivo unha amplitude sen precedentes, xa que se investigou a presenza de 101 substancias pertencentes a cinco familias químicas: insecticidas, incluíndo o DDT; PCBs; retardantes de lapa bromados; flalatos; e compostos perfluorados (PFOS).

Os resultados revelaron que cada unha das persoas analizadas está contaminada con decenas de substancias tóxicas; en total, detectáronse nestas 47 persoas 76 productos diferentes dos 101 investigados.

O director da campaña internacional DetoX, de WWF / ADENA, Karl Wagner, afirmou que "a cantidade, os tipos e as concentracións de productos químicos atopados resulta inaceptábel. A exposición continuada a un combinado de productos tóxicos non resulta segura para os humanos. O mellor xeito de protexer ás persoas desta ameaza, así como ás futuras xeracións e á natureza, é que a Unión Europea adopte unha versión reforzada da Lei Reach para identificar e prohibir as substancias químicas máis danosas.



A fumigación con pesticidas e herbicidas é responsábel da presenza de tóxicos nos alimentos

Ata 54 tóxicos distintos atopados nun mesmo individuo do estudio

O maior número de tóxicos detectados nunha das persoas analizadas foi de 54, e a media foi de 41. Outro dato preocupante foi que se atoparon en tódalas mostras analizadas substancias prohibidas na Unión Europea dende hai máis de vinte anos, así como productos moi utilizados na actualidade, como flalatos e compostos perfluorados.

Entre os resultados máis sorprendentes figura o achado nunha das mostras dun retardador denominado HBCD; esta foi a primeira vez que se atopou dito composto en sangue humano.

Segundo o director de conservación de ADENA, Enrique Segovia, este estudio demostrou que "a falla de control da industria química resulta inaceptablemente perigosa. A partir deste coñecemento, as únicas vías lóxicas de acción son : aplicar unha lexislación forte que controle a liberación irresponsábel de substancias químicas cuxos efectos adversos non coñecemos con precisión, e esixir á industria química que tome en serio a súa responsabilidade".

O Fondo Mundial para a Natureza avala a necesidade da agricultura labrega

Un informe do Fondo Mundial para a Natureza (WWF) vén de confirmar a necesidade de implantar unha agricultura labrega respectuosa co medio ambiente en detrimento do modelo intensivo industrial.

Este informe analiza o impacto negativo da agricultura sobre o medio ambiente. Datos como a destrucción anual de 130.000 quilómetros cadrados de bosques, a extinción de especies animais, ou o desperdicio do 60% dos 2.500 billóns de litros de auga que se consumen ao ano no agro, deberían obrigar a pensar na potenciación doutro modelo agrícola predominante distinto do actual.

O informe advirte de que as axudas agrarias estimulan prácticas agrícolas intensivas de monocultivo, que usan productos químicos e maquinaria pesada que danan o medio ambiente. En Inglaterra, nos últimos trinta anos, desapareceron por mor deste tipo de prácticas agrarias o 77% da poboación de aves.

Finalmente, o informe recomenda, a gobernos como o da Unión Europea que dediquen fondos destinados a subsidios á adoptar mellores prácticas de xestión de recursos agrícolas.

Lidia Senra e Xosé Ramón Cendán entrevístanse co líder da oposición boliviana

Lidia Senra e Xosé Ramón Cendán, responsábeis da secretaría xeral e de relacións internacionais do SLG, respectivamente, entrevistáronse o pasado 14 de abril con Evo Morales, líder da oposición boliviana e de Movemento ao Socialismo.

O encontro tivo lugar en Pontevedra, aproveitando a participación de Morales na Semana Galega de Filosofía. Morales ten sido protagonista de moitas informacións de Fouce cando lideraba os movementos agrarios dos cultivadores de coca de Bolivia. Recentemente, fíxose mundialmente famoso ao conseguir o 21% dos votos nas últimas eleccións en Bolivia con Movemento ao Socialismo e converterse, así, no líder da oposición, e ter serias aspiracións a ser presidente.

Morales representa unha opción política que fundamenta o seu discurso en piares como a reivindicación dos dereitos dos pobos indíxenas, a democracia, ou a defensa dos recursos naturais de Bolivia.

En palabras do propio Morales, "insistimos na necesidade de refundar Bolivia, de facer unha nova constitución na que se recoñezan os dereitos dos pobos indíxenas, quechuas, aimarás e guaranís, que podamos tomar decisións sobre os recursos dunha terra que é dos bolivianos e bolivianas e que, ademais, é rica". Respecto desto último, denunciou que "un dos maiores problemas de Bolivia é que os nosos recursos naturais son patrimonio das transnacionais", e que con Aznar "a presencia española en Bolivia tivo un claro aspecto represivo, e estou a falar das tanquetas do Plan Colombia".



Lidia Senra e Evo Morales comparten a táboa reivindicativa da Vía Campesina para a agricultura

nº 221
Maio de 2004
FOUCE

Crónica

Labregas galegas para a posteridade

Por Tareixa Ledo

"As mulleres de aldea falamos, e falamos con voz propia. Voz realista e forte, cálida e agarimosa. Voz de experiencia de séculos. Voz de semente, voz de futuro". Con estas palabras remata o vídeo que algunhas mulleres do Sindicato Labrego Galego estivemos a facer nestes días para a Marcha Mundial das Mulleres, que se vai celebrar en Vigo entre o 22 e o 23 de maio.



Monfero foi o lugar de reunión para a gravación do vídeo sobre as mulleres labregas

Aínda que ao comezo parecía case un soño imposíbel, algunhas mulleres do Sindicato Labrego Galego fomos quen de facer nada menos ca un vídeo. Nesta parte interveu, sobre todo, Henar, unha labrega da parroquia de Labrada, en Abadín. E todo hai que dicilo, actuou cómoa unha verdadeira artista. Si, nas aldeas tamén temos artistas. Estamos cheíñas de arte da boa. Participou Henar, e tamén colaborou o resto da familia: Xorxe, o seu home; o seu fillo Marcos; Modesta, a nai; e unha meniña veciña que fixo o papel de pequena da casa.

Na segunda parte do vídeo participaron catro labregas expresando diversas reflexións sobre as mulleres de aldea, sobre o noso papel, os nosos proxectos, o noso futuro. Foron Mercedes de Dordaño, Cesuras; María do Carme Ambroa, de Irixoa; Pura de Vedra; e Marisol de Añá, en Frades. Puxeron o mellor delas mesmas, e ben que se nota.

Viaxe a terras de Monfero

Finalmente, a terceira e última parte do vídeo gravámola no local da cooperativa do Alto Xestoso, alá por terras de Monfero, onde nos reunimos un grupo dunhas dez mulleres para expresar sentimentos, arelas e opinións. Resultou un encontro precioso porque houbo conversa fonda. A fondura vén cando somos quen de comunicar a nosa propia vida con autenticidade. ¡E vaia se houbo autenticidade e verdade nas nosas palabras! E por haber, tamén houbo xantar do bo: chourizos e tortillas, queixo e pan, viño e mel. Todo das nosas casas e froito do noso saber facer.

Colaboracións moi especiais

Mención especial merece Luz, a técnica profesional do vídeo que, en todo momento, seguiu con atención agarimosa as nosas palabras e os nosos andares para recollelos e devolvérnolos feitos arte, traballo fíxoo de xeito gratuíto. ¡Graciñas!

A cantante Uxía Senlle orientounos nos temas musicais, e tamén o fixo colaborando de balde e porque, segundo as súas palabras, "as mulleres temos que apoiarnos entre nós".

Así, coa colaboración dunhas e a participación doutras, fomos dando a luz esta pequena criaturiña nosa que, de seguro, nos vai facer moito ben a todas cando a poidamos ter entre as nosas mans.

Non cabe dúbida que sermos todas mulleres foi algo que nos uniu e que nos foi dando forza, intelixencia e arte para esta tarefa, que se foi convertendo, día a día, nunha experiencia rica en encontros e en aprendizaxes para todas nós.

O vídeo estrearase o 22 de maio na Marcha Mundial das Mulleres

¿Que é a Marcha Mundial das Mulleres?

A Marcha é un movemento de mulleres a nivel mundial formado por organizacións de mulleres que unimos o noso enxeño e o noso esforzo para trasladar ao conxunto da sociedade reivindicacións fundamentais como a eliminación da violencia de xénero e da pobreza que afecta a millóns de mulleres en todo o mundo.

A iniciativa xurdiu no Quebec (Canadá). En xuño de 1995, 850 mulleres marcharon durante dez días contra a pobreza polo interior de Quebec, chegando a Montreal, onde foron recibidas por 15.000 persoas. Elas pedían, simbolicamente, pan e rosas. A principal conquista foi o aumento real do salario mínimo, máis dereitos para as mulleres inmigrantes, e o apoio á economía solidaria.

¿Por que se fai este ano en Galiza?

En Galiza constituíuse a Coordinadora Nacional Galega da Marcha Mundial das Mulleres en abril do 2000. Conformamos esta Coordinadora preto de corenta organizacións diferentes, entre as que está a Secretaría da Muller do Sindicato Labrego Galego.

A Marcha Mundial das Mulleres decidiu celebrar a mobilización europea do ano 2004 en Vigo para expresar a súa solidariedade coas mulleres de Galiza despois do accidente do Prestige. Co lema "Diferentes si, desiguais non ", 30.000 mulleres chegarán a Vigo para participar na grande cantidade de actividades que se están a preparar.

Unha morea de actividades nunha soa fin de semana

O sábado 22 de maio celebraranse tres foros: "A sustentabilidade ecolóxica: alternativas feministas", "Mulleres e espiritualidade, corporeidade e resistencia" e "Contribucións feministas na orixe e desenvolvemento dunha constitución europea". Conferenciantes de Europa e América formarán parte deste espacio de reflexión: a Secretaria Xeral do SLG, Lidia Senra; a mexicana Rosa Isela Sérrano; a Geraldine Céspedes; Chini Rueda; Ángeles Maestro; Doris Benegas; ou María Xosé Agra.

O mesmo sábado abrirá as portas a Feira Feminista, instalada na zona portuaria e contará con espacios dedicados á violencia, feminización da pobreza e dereitos laborais, inmigración, ecoloxía, educación para a igualdade, liberdades sexuais, antimilitarismo, mulleres mozas, saúde, e dereitos reproductivos. Pola noite haberá un concerto coa presencia, entre outras, de artistas como Uxía, Mercedes Peón, Amparanoia, Souad Massi e Tucanas.

O domingo 23 de maio as rúas de Vigo acollerán a miles de mulleres da Marcha demandando unha Europa de todas. "Diferentes si, desiguais non". "Marcha con nós por unha Europa igualitaria e xusta". ¡Non faltes!

A DTA supera unha primeira fase de organización interna

As novas incorporacións de Charo Sánchez Parga e Wilma Leivas cubren as baixas habidas na directiva

A Dirección Transversal de Agroecoloxía do SLG (DTA), elixida no congreso de Monforte, leva xa catro meses de traballo. Ata o de agora, os seus esforzos centráronse na súa propia organización interna. Ademais, tamén comezou a traballar en moitas cuestións directamente relacionadas cos intereses labregos. Aínda que esta sección é insuficiente para reflectir todo o traballo desenvolvido, apuntaremos as liñas fundamentais.

A Dirección Transversal de Agroecoloxía reuniuse en tres ocasións dende o congreso, celebrándose a última reunión o pasado 24 de abril. Na primeira das xuntanzas, a comezos de xaneiro, creáronse diversos grupos de traballo.

Neste primeiro encontro cómpre salientar a dimisión de Xosé Manuel Docampo e de Xosé Manuel Durán como representantes da DTA, aprobándose en xuntanza extraordinaria a elección de Charo Sánchez Parga como nova representante da directiva e a incorporación de Wilma Leivas, que era figuraba como suplente.

Outro das decisións tomadas foi a realización periódica de xuntanzas ordinarias da DTA cada tres meses, ao redor do día 20 do mes que toque. Tamén se acordou reunirse sempre que fixese falla de xeito extraordinario sen ter que agardar por estes encontros periódicos.



Lalín foi o centro de reunión para as xuntanzas da Dirección Transversal de Agroecoloxía

En canto á organización das persoas vinculadas á DTA, formáronse diversos grupos de traballo compostos por productores e productoras do Sindicato Labrego. Así, dúas persoas estarán encargadas da relación cos medios de comunicación, tres se encargarán da asociación de producción, outras tres encargaranse da táboa reivindicativa, unha das relacións co Craega, e outra para COAG.

Propostas do sector ecolóxico galego para a nova Ministra de Agricultura

En canto ás actividades desenvolvidas nestes catro meses pola DTA están as propostas de alegacións sobre o proxecto estatal de coexistencia entre os cultivos convencionais, ecolóxicos e transxénicos; as demandas a incluír nas reivindicacións que se lle van presentar dende o SLG á nova Ministra de Agricultura; diversas campañas a levar a cabo nun futuro próximo; accións sobre productos transxénicos; seguimento do traballo desenvolto no seo do CRAEGA; ou o seguimento dunha proposta de proxecto europeo de desenvolvemento de mercados locais de productos locais e ecolóxicos.

Todo isto, a maiores do labor desenvolto de xeito habitual polo SLG no eido da producción labrega ecolóxica: asesoramento e informaciónl, ou xornadas sectoriais.

A vindeira xuntanza será o 13 de xullo en Lalín. Se queres participar, comunícao e avisarémoste.

2 A Carne

Seguindo coa sección iniciada en anteriores edicións de Fouce, neste número abordaremos os pasos que cómpre dar para acometer a transición cara a unha producción ecolóxica de carne.

As condicións na realidade

No caso do vacún de carne, o paso á producción ecolóxica sería doada en moitas explotacións galegas. Nembargantes, a reconversión será máis fácil naquelas explotacións que traballan con pouco penso. Cómpre pensar que un consumo de penso por xato duns 500 quilos significa un incremento de custo entre 90 e 100 euros, dado que estaremos na obriga de usar penso ecolóxico.

Por outra banda, a reducción de consumo de penso pódese pensar con praderías moi productivas. De non ser así, corremos o risco de pór no mercado animais mal alimentados, cunha carne con pouca graxa intramuscular, moi dura, que rexeita a cidadanía.

O mercado é outro dos problemas da carne ecolóxica. A venda como producto ecolóxico obriga a pasar por matadoiro certificado, e por circuítos comerciais convencionais, refrixeración, etcétera.

Este proceso leva canda si, aparte de certas dificultades para atopar un matadoiro, un gran aumento de prezo de cara ao consumo. Con isto, o consumo de carne ecolóxica certificada non se desenvolve con tanta rapidez como vendeu a propaganda que recibimos. Ademais, outras canles de comercialización, como a venda directa ou o aluguer, serven para volumes de producción máis reducidos, e precisan doutra percepción do que é o noso traballo.

No caso dos pitos, pola lexislación actual é na práctica moi complicado facer unha producción certificada. O que non impide que as producións labregas teñan unha oportunidade grande, sempre que teñamos en conta que o prezo de venda é moito maior que no convencional.

Finalmente, hai que sinalar a cuestión das subvencións. No caso da producción de vacún, as subvencións son moi atractivas, dado que estamos a falar dun mínimo de 210 euros por hectárea de pasto. Esta é a explicación de porque, nos últimos anos, se inscribiron moitas explotacións de carne. O risco de que todas estas explotacións se atopen dentro de cinco anos na mesma situación ca hoxe é moi real. De feito, xa en moitas comunidades se están a dar moitas baixas de productores de carne por isto: terminada a subvención, termina a producción.

Liñas básicas de lexislación

No caso da producción de carne, hai que ter en conta o seguinte:

- A transición das terras sigue as normas da producción vexetal. Polo tanto, hai que contar a priori con dous anos. Os animais para carne teñen períodos de transición variábeis, en función da especie (galiñas, vacas, porcos, etcétera). Hai que pensar que, en pouco tempo, pedirase que o animal leve toda a vida en ecolóxico para poder vender a súa carne como tal.
- A carga gandeira depende tamén das especies. En todo caso, dados os nosos sistemas de producción, todo o que non é cebadeiro ten moita probabilidade de cumprir con esta carga.
- Hai que pastorear, e os animais non poden estar moito tempo atados.
- As vacinas e desparasitacións poden, en teoría, seguir as pautas da gandería convencional.
- Só se poden facer dous tratamentos non naturais ao ano, con tempo de espera duplo e autorización do Craega.
- Non se poden empregar abonos químicos, pesticidas ou herbicidas.
- En determinados casos, temos unha regulamentación sobre horas de luz artificial e outras cuestións anexas.

Axudas para mellorar a formación, xestión e consolidación do asociacionismo agrario en Galiza

Orde do 14 de abril de 2004 pola que se convocan as axudas para mellorar a formación, xestión e consolidación do asociacionismo agrario en Galiza para o ano 2004. Poderán beneficiarse desta liña de axudas as agrupacións de productores e as súas unións que se recoñecesen en Galicia ó abeiro dos regulamentos comunitarios 1360/1978, do 19 de xuño; 952/1997, do 20 de maio; 1696/1971, do 26 de xullo, e 2200/1996, do 28 de outubro.

O prazo de presentación das solicitudes de axuda remata o 29 de maio de 2004. Poderanse acoller as cooperativas agrarias de carácter agropecuario, así como as sociedades agrarias de transformación (SAT) que transforman e comercializan as producións dos seus socios, sempre que teñan a súa sede social na Comunidade Autónoma de Galiza.

As solicitudes de axuda dirixiranse ó conselleiro de Política Agroalimentaria e Desenvolvemento Rural, preferentemente nos servicios de industrias e promoción agroalimentaria das delegacións provinciais desta Consellería

Para a avaliación das solicitudes teranse en conta a memoria de actividades e o programa de actuación que se levaron a cabo, así como os condicionantes e incidencias que tiveron lugar no seu desenvolvemento. Valoraranse cunha puntuación máxima de ata seis puntos. Tamén se pode valora-la importancia estratéxica para o sector de actividade e para a comarca de implantación, así como a propia dimensión e estructura organizativa da APA cando foi recoñecida e ó final do exercicio para o que se solicita a axuda. Valoraranse cunha puntuación máxima de ata catro puntos.

As modalidades de axuda son as seguintes:

a) Axudas para mellora-la formación cooperativa. A axuda non poderá ser superior ó 80% dos gastos de organización e realización das actividades formativas subvencionábeis, principalmente os gastos de profesorado, medios e material didáctico necesarios. A subvención poderá chegar ata un máximo de 5.000 euros por actividade formativa que se realice.

b) Axudas para a realización de auditorías, análises de xestión, estudios de viabilidade e estudios de mercado. A contía da subvención poderá chegar ata o 50% do custe da acción, cun máximo de 6.000 euros por auditoría, análise ou estudio realizado. Ningún beneficiario poderá recibir axudas por máis de 100.000 euros nun mesmo período de tres anos.

c) Axudas para a informatización. Pretende que a xestión empresarial das entidades asociativas agrarias sexa máis eficaz, moderniza-los procedementos de xestión técnico-administrativa e incrementa-la prestación de servicios ós seus socios, mediante a adquisición de equipos e programas informáticos, software para Internet e fotocopiadoras. A contía da subvención poderá chegar ata o 50% do seu custo, sen superar os seguintes límites máximos: Equipos e programas informáticos (12.000 euros), software para Internet (5.000 euros), e fotocopiadoras (2.000 euros).

d) Axudas para a contratación de persoal. Para mellorar e profesionalizar a xestión empresarial das entidades asociativas, fortalecer as súas estructuras productivas e comerciais tanto técnica como funcionalmente, realizar novas actividades e ofrecer máis servicios, mediante a contratación de persoal para consolidar ou cubrir novos postos de traballo cualificados que sexa necesario crear. Poderán acceder a esta axuda as cooperativas agrarias de carácter agropecuario, as cooperativas de explotación comunitaria da terra e as SAT que teñan o seu domicilio social en Galicia, sempre que contraten persoal para xerencia, técnicos, axentes de substitución e persoal cualificado.

e) Axudas para actuacións relacionadas coa calidade. Coa intención de mellorar a competitividade das cooperativas e SAT galegas, mediante a incentivación e o fomento da implantación de sistemas de xestión da calidade e de xestión ambiental, incluída a súa certificación.

Axudas para paliar os danos do lobo

Poderán beneficiarse destas axudas propietarios de reses saneadas das especies bovina, ovina e caprina, que estean cercadas ou protexidas por medio de pastores ou doutros medios que permitan o control do gando. O gando haberá de estar identificado.

Serán actuacións subvencionables os danos que se produzan como consecuencia dos ataques dos lobos entre o 1 de xaneiro e o 30 de setembro de 2004.

O prazo de presentación de solicitudes rematará o 9 de novembro de 2004.

As solicitudes deberán formalizarse no prazo máximo de 40 días naturais contados a partir do día seguinte ó da producción do ataque do lobo, agás naqueles supostos nos que o dano se tivese producido entre o 1 de xaneiro e a data da publicación desta orde no DOG, nos que o devandito prazo se contará a partir do día seguinte ó da referida publicación.

Axudas á reestructuración dos viñedos

Ata o ano 2006 están abertas as axudas para reestructurar viñedos. Dende o Sindicato Labrego Galego podemos tramitar a túa solicitude a través do colectivo Labregos Galegos, para toda Galiza.

As axudas poden cubrir dende a colocación de postes novos, ata plantacións completas con muros incluídos.

Os importes destas axudas van dende os 6.000 euros ata os 25.000 euros por hectárea, dependendo do tipo de plantación. O prazo de presentación das axudas para este ano 2004 remata o 30 de xuño.

¡Afilitate ao SLG!



Rúa de Touro nº 21º, 2º
Santiago de Compostela

Sector:

☐ Leite ☐ Carne ☐ Queixo ☐ Horta ☐ Flor ☐ Forestal ☐ Ovino ☐ Coellos ☐ Viño

Nome e apelidos:..... NIF: .....
Enderezo:.....
Tlf:..... Concello:..... C.P.:.....

Domiciliación de pagos de cotas

Sr. Director do banco ou caixa: Prégolle que tome nota, ata novo aviso, de adeudar na miña conta con esa entidade os recibos que ao meu nome serán presentados para o cobro polo Sindicato Labrego Galego.
Banco / Caixa de Aforros:..... Conta / Libreta:.....
Titular da conta ou libreta:.....
Nº de sucursal:..... Poboación:..... Provincia:.....

Atentamente (sinatura) **Data**

Axudas ao sector lácteo

Orde do 23 de abril de 2004 pola que se regula a solicitude de determinadas axudas directas comunitarias a produtores e produtoras do sector lácteo. Poderán beneficiarse destas productores e productoras con cota dispoñible sempre que, no período 2003-2004 (do 1 de abril de 2003 ao 31 de marzo de 2004), teñan realizado entregas de leite a un comprador autorizado ou presentado no prazo establecido, declaración de venda directa de leite ou productos lácteos.

De acordo co establecido no artigo 30 do Regulamento 2237/2003, os produtores e produtoras con cota dispoñible que non teñan realizado entregas no dito período 2003-2004 deberán demostrar, á satisfacción do FOGGA, que teñen reiniciado as entregas ou a venda directa, de ser o caso, e comunicado ao servizo provincial do dito organismo o devandito feito en canto se producise, e sempre con anterioridade ao 15 de maio de 2004.

Igualmente, aqueles produtores e produtoras con cota dispoñible que non realizasen entregas no período 2003-2004 debido a casos de forza maior ou casos excepcionais, poderán beneficiarse da axuda, sempre que lle teñan comunicado o feito á autoridade competente, en canto o produtor ou produtora tivese coñecemento deles e, en calquera caso, con anterioridade ao 31 de marzo de 2004.

A prima láctea será concedida polo ano natural 2004, por explotación e por quilogramo de cota dispoñible con dereito a prima. O importe da prima láctea por 1.000 quilogramos de cota dispoñible con dereito a prima no ano 2004 será de 8,15 euros. De acordo co establecido no punto 4 do artigo 95 do Regulamento (CE) 1782/2003, a cota con dereito a prima para España fíxase en 5.566.950 toneladas. Se a suma das cotas dispoñibles dos solicitantes que, a nivel estatal, cumpran os requisitos establecidos, supera a cantidade antes citada, fixarase un coeficiente redutor que se aplicará liñalmente a todas as solicitudes.

O Fondo Galego de Garantía Agraria efectuará no ano 2004 os pagamentos adicionais aos produtores e produtoras situados na Comunidade Autónoma de Galiza. Estes pagamentos adicionais consistirán exclusivamente nun importe adicional ao importe da prima láctea. O Fondo Galego de Garantía Agraria distribuirá os pagamentos adicionais proporcionalmente á prima láctea. O prazo de presentación de solicitudes rematará o 15 de maio de 2004. O produtor ou produtora que solicite as axudas recollidas nesta orde deberá observar diversos requisitos agroambientais.

Indemnizacións por sacrificio obrigatorio de animais por enfermidade e compensacións polo lucro cesante

Dúas ordes da Consellería de Política Agroalimentaria veñen de regular as indemnizacións por sacrificios obrigatorios de animais e as compensacións económicas polo lucro cesante, motivado pola inactividade producida ao decretar a obrigatoriedade do baleiro sanitario pola presencia de enfermidades sometidas a un programa oficial de erradicación da brucelose, da tuberculose ou das encefalopatías esponxiformes bovinas.

A contía destas axudas variará, nun caso dependendo do número de animais sacrificados e do seu valor segundo o baremo oficial e, no caso da paralización e baleiro sani-tario, será en función dos datos productivos declarados oficialmente.

O prazo para solicitar este tipo de axudas rematará o 20 de novembro de 2004. As persoas interesadas en recibir información, poden realizar a súa consulta en calquera oficina do SLG.

Prima especial de vacún e por sacrificio de gando

■ As solicitudes de prima especial de vacún poderanse presentar desde o 1 de xaneiro ata o 31 de decembro de 2004.

■ As solicitudes de primas ao sacrificio de vacún, poderanse presentar dentro dos catro meses seguintes á data do sacrificio de cada animal e, en todo caso, nos seguintes períodos: do 1 ao 30 de xuño de 2004, do 1 ao 30 de setembro de 2004, e do 1 de decembro de 2004 ao 15 de xaneiro de 2005.

Compra - Venda - Troco

VENTAS

Véndese
tanque de 640 litros.
Teléfono 982 177 878

Véndense
dúas xovencas de raza Frisona, con carta.
Teléfono 982 788 210

Véndense
rolos de herba seca, en Santa Cristina, Cospeito (Lugo).
Teléfono 982 177 104

Véndense
rolos de herba seca de boa calidade, da Pastoriza (Lugo).
Teléfono 982 164 477

Véndese
herba seca en rolos e pacas.
Teléfono 981 691 881. Chamar ao mediodía ou pola noite, e preguntar por Álvaro.

Véndese
tractor PASCUALINI 463, ríxido.
Arado, fresadora 140, remolque con volteo hidráulico.
Maquinaria de plantar patacas
Maquinaria de arrincar patacas
Teléfonos 981 630 578 ou 669 442 067. Preguntar por Pepe ou Claudina.

Véndese
tractor FERRARI de 42 CV, con 1.500 horas de uso, dobre tracción, articulado e con apeiros.
Segadora BCS, en moi bo estado.
Teléfono 981 788 423

Véndese
segadora BERTOLINI, seminova.
Preguntar por Lourenzo no teléfono 982 179 383.

Véndese
tanque de frío de 300 litros.
Teléfonos 986 681 671

Véndese
circuíto de muxido seminovo de tres puntos MANUS
Silo para penso de 4.000 quilos, dividido.
Teléfono 651 906 202

Véndese
remolque mesturador con fresa. Capacidade de 12'5 metros cúbicos, seminovo e garantido.
Chamar ao 981 687102.

Véndese
autocargador CAMPEVA de 18 metros cúbicos.
Teléfono 982 162 844.

Véndense
vacas en producción de carne, rubias e cruzadas.
Chamar ao 677 461 844

Véndese
viño Mencía e Godello da zona de Monterrei (Verín).
Preguntar por Máximo nos teléfonos 651 488 915 e 626 677 850.

Véndese
bañeira de 900 litros e circuíto de tres puntos. En Guitiriz (Lugo).
Chamar ao 982 163 954.

Véndese
cisterna galvanizada 3.000 con depresor de 5.000.
Fresadora AGRI seminova de 1'70
Segadora BERTOLINI 1.250, seminova
Preguntar por Xosé Luis no teléfono 626 315 059

Véndese
comedeiro para xatos de instalar no campo.
Preguntar por Olga no teléfono 982 179 685.

Véndese
sistema de rego, motobomba, tubos, aspersores e mangueiras.
Chamar a partir das 22.00 horas ao teléfono 981 896 668

Véndese
tractor con apeiros PASCUALI 463, de 45 CV e con apeiros.
Chamar ao 669 442 067

Véndese
autocargador de dobre eixo con freo hidráulico, esparexedor, e trinta coitelas (matriculado, documentación, e ITV pasada).
Preguntar por Xosé Manuel no teléfono 981 787 802

Véndense
dous tractores JOHN DEERE, modelos 2140 e 1020.
Chamar ao 981 787 639.

Véndese
remolque de coche de 2'5 x 1'2 metros, con dous eixes e freo de inercia.
Autocargador
Teléfono 626 344 402

Véndese
Rebadera de cable (limpeza).
Desensiladora VICON.
Segadora BERTOLINI 124
Unific, carro mesturador SECO de 11m³
2 tolvas penso 9.000 quilos
Remolque artesán 3 x 2'70 m
Remolque con descarga por cadeas de arrastre de 13 m³
Cisterna de 8.000 lts. CARRUXO
Xovencas selectas.
Chamar ao tlf. 650 426790

Véndese
cuba de fibra de 28.000 litros.
Preguntar por Xesús no teléfono 981 787 551

Véndese
cisterna de purín de 2.500 litros.
Chamar ao 677 461 844

Véndense
casas de pedra labrada en Abadín (Lugo)
Chamar ao 982 178 976

COMPRAS

Mércase
poldro para vacas.
Teléfono 982 164 045

Mércase
parafuso sen fin, seis metros de lonxitude e 110 mm de diámetro, motor monofásico ou trifásico.
Teléfono 982 151 639, preguntar por Xosé Alba

OUTROS

Búscase soci@ ou arréndase
explotación de carne de vacún coas instalacións completas e en plena producción. 250 ferrados de pradería en tres fincas adxacentes, a 5 quilómetros de Lalín.
As persoas interesadas poden chamar ao 677 461 844

Xurxo Álvarez Pérez, membro da Comisión Executiva do SLG e viticultor

Xurxo Álvarez regresou hai uns anos á terra dos seus ancestros, en Cenlle (Ourense), para revivir a tradición viticultora familiar. Dende aquela, Xurxo someteu as dúas hectáreas de terras de que dispón a un proceso de modernización, recuperando castes de uva autóctonas como albariño, torrontés, godello ou treixadura; e facendo un traballo que pretende abarcar tódalas fases do proceso de vinificación dende a perspectiva dun fondo respecto á terra. Antes diso, iniciárase hai case dúas décadas no activismo sindical da man do SLG en Lugo. Hoxe, forma parte da súa Executiva.

"O SLG fixo máis pola recuperación e reestructuración do viñedo que a Xunta"

■Ultimamente habería moito traballo no sector do viño do SLG, e na executiva, coa organización do congreso sectorial. ¿Como foi o proceso?

Cómpre agradecerlle aos traballadores do sindicato o enorme traballo desenvolto para preparar este evento, con asembleas e outro tipo de actos.

Con participación de tódalas zonas vinícolas galegas -Rías Baixas, Ribeiro, Ribeira Sacra, Monterrei e Valdeorras- no congreso destacou o debate, que reflectiu a realidade do sector. Foi un congreso moi interesante pola alta participación da xente, con moitas propostas e unha grande preocupación polo sector.

■¿A que pensa que foi debida esta implicación?

Hai que ter en conta que, o do viño, é un sector moi complexo pero, ao mesmo tempo, moi enriquecedor, e que está avanzando en moitos eidos gracias ao traballo e iniciativas dos propios labregos e labregas e, en concreto, das asociacións de tratamentos integrados na agricultura.

Sinceramente, penso que fixo máis o SLG pola recuperación e reestructuración do viñedo do que fixo a Administración; alomenos en cuestións como o traballo de campo ou a preocupación demostrada.



Xurxo Álvarez participou activamente no Congreso do Viño do SLG celebrado en Monforte

■¿Cales eran as intencións deste congreso?

Primeiramente, unir criterios de cara a dilucidar cal vai ser o futuro do sector e, en segundo lugar, demandarlle á Administración que remate co abandono en que nos ten.

A Administración está favorecendo a catro personaxes importantes do mundo financeiro e político que posúen grandes superficies de terra, e esquécese dos labregos e labregas, cando os bos viños xorden, precisamente, das pequenas explotacións labregas e non das industriais.

■¿Pensa que se conseguiron os obxectivos?

Creo que si. Un dos obxectivos acadados, por exemplo, foi o de expresar as opinións e posturas que existen no sector. Ademais, a xente quedou moi animada polo debate, e crearase unha Dirección Nacional do Viño para xuntarse periodicamente e debater a problemática do sector e, máis especificamente, a das diversas zonas vitícolas.

"A afiliación debe sentir que ela é o SLG, que non é só un lugar para arranxar papeis"

■¿Cales van ser as liñas mestras do traballo do SLG neste sector nos vindeiros tempos?

Coma en tódolos sectores dentro do sindicato, vai ser moi importante o debate coa afiliación para, deste xeito, poder trasladar despois as conclusións á xente que non está afiliada en asembleas abertas.

Antes, a dinámica na que nos meteron os gobernos, cunha presión constante que non che daba tempo a razoar as cousas, foi a de facer mobilización tras mobilización para loitar polo futuro do agro galego.

Agora, hai certa estabilidade, aínda que perdura a constante desaparición de explotacións. Por iso, atopámonos nun intre no que cómpre falar e debater coa xente.

■Entón, ¿pensa que é fundamental o contacto coa xente por parte do SLG?

Si, sobre todo porque, a pesar de que houbo unha grande cantidade de persoas que entraron a formar parte do Sindicato Labrego Galego nos últimos tempos, moitos fixérono polo bo traballo xestor que se está a desenvolver. Dende o meu punto de vista, agora faría falla máis debate sindical para comprometer, precisamente, a ese sector da afiliación.

Eu creo que a xente fórmase no debate; os servicios poden atraer, sobre todo se temos en conta que o SLG é a organización agraria que mellor traballa a ese nivel. Pero, a maiores, cómpre debate sindical para que a afiliación se sinta máis comprometida co sindicato. Un afiliado debe sentir que o sindicato é el, non só unha oficina para arranxar papeis.

"A Lei Galega do Viño está condenada a ser mala por falta de diálogo"

■¿Pensa que co proceso de regularización dos viñedos se van recoñecer plenamente os dereitos históricos de Galiza en producción vitícola?

Estou convencido de que non, de que van quedar moitas terras sen recoñecer. Por circunstancias de emigración e de traballo, moita xente non vai regularizar os seus viñedos, simplemente porque xa non os traballan ou non viven onde teñen as terras. E eses dereitos vanse perder. É unha mágoa. Debería existir unha reserva galega de terras vitícolas, pero quen debe preocuparse disto, a Administración, está a amosar unha total desidia. Ademais, deberían dar un prazo dun ano.

■¿Que opina da Lei do Viño que está cociñando Política Agroalimentaria e da que tentan impor dende Madrid?

A de Madrid é unha lei bastante ambigua. De todos xeitos, penso que se debería lexislar dende aquí, pois en Galiza temos competencias en agricultura, e deberiamos crear unha lei adaptada á realidade galega.

Para facer un borrador dunha lei tan importante, deberíanse convocar as diversas partes implicadas no sector: adegueiros, colleiteiros, forzas políticas, organizacións agrarias, etcétera. Todos temos algo que aportar, e só así se pode facer unha boa lei.

Se, pola contra, se elabora de xeito unilateral,como se está a facer, a lei está condenada a ser mala. Dende o SLG valoramos hai meses o borrador adiantado, e chegamos á conclusión de que esa lei non vale para nada, pois feita á medida de grandes empresarios coma o presidente do Celta, Horacio Gómez; e copia á lei de Madrid que non reflicte a realidade galega.

■¿Como ve o futuro do sector?

A min unha das cousas que máis me preocupa é a desaparición de explotacións en calquera actividade agraria, pois unha vez que deixas de ser a unha realidade social importante, os poderes políticos deixan de facerche caso.

Despois, o positivo que se pode sacar no sector do viño é que a xente que estamos quedando optamos por outro modelo menos productivista e máis orientado cara á calidade. No producto estamos a mellorar bastante, e en calidade podemos competir con calquera viño do mundo. Esa é a ledicia que temos.